



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 881 24 93 91

### ANUNCIO DE NOMEAMENTO DE ALCALDE EN FUNCIÓNS

En cumprimento do establecido no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise público o seguinte Decreto do señor Alcalde número 879/2024, do 17 de setembro, polo que se nomea Alcalde en funcións:

<<Con motivo da miña ausencia do termo municipal con motivo da asistencia en Riga ao V encontro do programa CERV dende o día 18 ao 22 de setembro do 2024, faise necesario nomear Alcalde en funcións para ese período, e

Considerando as funcións que o artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, atribúe aos Tenentes de Alcalde,

#### RESOLVO:

**Primeiro.** Nomear Alcalde en funcións ao terceiro Tenente de Alcalde, don José Luis Mariño Castro, dende o día 18 o 22 de setembro de 2024, ambos incluídos.

**Segundo.** Ordenar a publicación do presente Decreto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, comunicalo aos diferentes servizos municipais e dar conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se convoque.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Padrón, 17 de setembro de 2024

O Alcalde

(Documento asinado dixitalmente)

Asdo Anxo Rei Arca